



Homilías para afastados¹. Un Deus que senta á mesa cos non crentes

Pablo Guerrero S.J.²



Foi un impulso. De súpeto quixen ir comungar. [*O sacerdote*] dixera que colliamos todos naquela cerimonia, crentes e non crentes, e certamente a sacra comunión foi o colofón dos sentimentos que viviamos. (...) E se non fose porque me pareceu unha falta de respecto, iría comungar. Non por min, que vivo no gris inconsistente da dúbida, senón por ela [a persoa falecida], que se converteu en luz. (...) Non deixa de ser sorprendente que os que non cremos en Deus atopemos a Deus en homes e actos coma estes, afastados de calquera outro corpiño que non sexa o que dita o amor. E non tanto porque cambiamos o signo das nosas crenzas –ou dos nosos desconcertos– senón porque este deus humano que acolle e non rexeita, que seduce e non impón, que ama e non increpa, é un deus que se pode sentar á mesa dos non crentes³.

En moitas parroquias, os días en que máis público asiste á eucaristía son aqueles en que a celebración se enche tanto de persoas non practicantes como de persoas non crentes que acoden considerando que participan, non tanto nun acto relixioso como nun

1 Non poucas persoas ás que chamamos afastados consideran honestamente que non se afastaron da Igrexa, senón que foi a Igrexa quen se apartou delas. Na súa relación coa Igrexa, moitas destas persoas «afastadas» séntense desencantadas, furiosas, tristes, aburridas e, mesmo, ofendidas. A elas van dedicadas estas páxinas.

2 Pablo Guerrero Rodríguez é licenciado en Filosofía, Teoloxía (Especialidade Moral e praxe da vida Cristiá) e Psicoloxía pola Universidade Pontificia Comillas. Actualmente imparte os cursos de Teoloxía Pastoral, Casos de Moral e Atención Pastoral en situacións de conflito na Universidad Pontificia Comillas. Madrid.

3 P. Rahola, «Si tú no estás...», *La Vanguardia* (1/9/2011). www.lavanguardia.com/opinion/articulos/20110901/54209132450/si-tu-no-estas.html (páxina consultada o 24 de novembro de 2015).